

III memorial "Tino Poza" de artes plásticas

2022

Sábado 30
de abril
Xardín Botánico
Paseo Marítimo
da Ría do Burgo
Culleredo

Foto Xurxo Lobato



BASES

1.- Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen.

2.- O evento terá lugar o sábado 30 de abril de 2022.

3.- **INSCRIPCIÓN E SELADO:** A inscrición e selado das teas ou outro tipo de soportes elixidos polos artistas terá lugar o mesmo día, entre as 9:00 h. e as 11:00 h., na Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico do Burgo.

4.- **TEMÁTICA:** O tema obrigado do Memorial será “O concello de Culleredo e o seu patrimonio natural e monumental”. As obras deberán ser pintadas en directo, “in situ”.

5.- **CATEGORÍAS:** haberá catro categorías: Adultos (de 18 anos en adiante), Xuvenil (de 12 a 17 anos) e dúas de Infantil (de 6 a 8 anos, e de 9 a 11 anos).

6.- **TAMAÑO E TÉCNICA:** O tamaño das obras será de 50 cm. como mínimo e un máximo de 120 cm. en calquera dos seus lados. Nas categorías infantil e xuvenil as medidas serán elixidas polos propios participantes. O soporte poderá ser branco ou en cor base sen texturas e as obras poderanse realizar en calquera técnica: óleo, acrílico, acuarela, etc. Os participantes virán provistos de todo o material necesario para a execución da obra. Na categoría de adultos, incluírán o cabalete para expoñer a pintura realizada. Admitirase unha soa obra por concursante e irá sen asinar.

7.- **RECEPCIÓN DAS OBRAS:** Entregaranse na Aula de Natureza “Juan Lembeye”, o mesmo día do evento, en horario de 15:00 a 16:30 h., no que se dará por finalizado o tempo de realización e presentación das obras.

8.- PREMIOS:

CATEGORÍA ADULTOS (18 ANOS EN ADIANTE)

1º Premio..... 2.000 €

2º Premio..... 1.500 €

3º Premio..... 1.000 €

PREMIO CATEGORÍA XUVENIL (12 A 17 ANOS)

1º Premio Material

2º Premio.....Material

3º Premio.....Material

PREMIOS CATEGORÍA INFANTIL:

De 6 a 8 anos: 1ª, 2ª e 3ª Material.

De 9 a 11 anos: 1ª, 2ª e 3ª Material.

PROCEDEMENTO DE PAGO DO 1º, 2º e 3º premio da categoría ADULTOS:

Os premios están suxeitos á lexislación fiscal aplicable, realizándose o seu pagamento mediante transferencia bancaria. Para o pagamento do premio os autores galardoados deberán presentar certificación da conta bancaria e copia do DNI así como o modelo de declaración responsable conforme se cumpren todos os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública. Ademais, antes de proceder ao pago, comprobarase se o beneficiario está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa entidade local (Artículo 189.2 TRLRHL). De non ser así o premio quedará deserto. O premios están consignados á partida 334, encontrándose retido o crédito necesario. Os restantes premios entregaranse o mesmo día da celebración do Memorial, aos autores das obras premiadas.

9.- **O XURADO**, que se dará a coñecer o mesmo día na lectura do seu fallo, estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente: Concelleira de Cultura, Educación e Participación Cidadá de Culleredo.

Secretario/a: Traballador/a do Concello de Culleredo.

Vogais: Catro persoas de recoñecido prestixio dentro do mundo da arte.

A súa decisión será inapelable e basearase na análise da calidade e do valor artístico das obras presentadas a concurso, así como que as obras se adapten ao tema obrigado do Memorial. O xurado poderá declarar deserto algún dos premios se as obras presentadas non reúnen a calidade suficiente.

10.- **DECISIÓN DO XURADO:** Os membros do xurado emitirán a súa decisión, que será inapelable, o mesmo día da celebración do Memorial, ás 19:00 horas, na Aula de Natureza “Juan Lembeye”. A continuación terá lugar a entrega de premios.

11.- **PROPIEDAD DAS OBRAS:** A obras galardonadas co 1º, 2º e 3º premio da categoría de Adultos quedarán en propiedade do Concello de Culleredo, así como todos os dereitos de reprodución e publicación. As obras premiadas deberán ser asinadas polos artistas unha vez coñecida a decisión do xurado. As obras premiadas nas categorías infantil e xuvenil devolveranse aos seus autores. Para a retirada da obra será necesaria a presentación do DNI ou documento que acredite a identidade do autor. A participación no Concurso implica a aceptación de todas as bases.